

Anexo. Selección de libros e películas que tratan sobre a terceira idade

Libros:

Gabriel García Márquez: Cien años de soledad (1967): A vellez non é talvez un tema central, pero nesta obra sucédense os anciáns memorables (a moitos deles vémoslos envellecer) e sobresaen unha personaxe en particular: Úrsula Iguarán. En El amor en los tiempos del cólera (1985) Florentino Ariza espera toda a súa vida a Fermina Daza para vivir a súa paixón.

Jonar Jonasson: El abuelo que saltó por la ventana y se largó (2012). O seu protagonista decide fuxir da residencia de maiores na que vive xusto o día que cumpre 100 anos. Case sen quere-lo vese inmerso nunha aventura que pon o país patas arriba.

Ernest Hemingway: El viejo y el mar (1952). Un pescador ancián en decadencia pero con gran perseverancia pesca un gran peixe despois de intentalo durante 84 días.

Francis Scott K. Fitzgerald: El curioso caso de Benjamin Button (1922). Un home que nace vello e, a medida que pasan os anos, recupera a xuventude, o que lle permite ver a sociedade e a xente que o rodea desde un punto de vista diferente.

Paco Roca: Engurras (2007). Un cómic no que se abordan o alzhéimer e a demencia. O protagonista é Emilio, un antigo executivo de banca que padece alzhéimer. O autor documentouse durante un ano para elaborar a súa historia e conta anécdotas reais.

Rachel Joyce: El insólito peregrinaje de Harold Fry (2012). Un home de 65 anos, tras xubilarse, sae de casa botar unha carta. Logo decide seguir andando ata a outra punta de Inglaterra para lle dar ánimos a unha enferma de cancro.

Benito Pérez Galdós: El abuelo (1897). Novela dialogada protagonizada polo conde de Albrit, que retorna de América tras a morte do seu fillo para intentar saber cal das súas dúas netas é a lexítima. A obra foi adaptada ao teatro e ao cine.

Julia Navarro: Dime quién soy (2010). Unha periodista recibe unha proposta para investigar a vida da súa bisavoa, da que só sabe que fuxiu de España abandonando a súa familia un pouco

antes de estalar a Guerra Civil.

Julian Barnes: El sentido de un final (2012). Reflexión sobre o sentido da vida, o remorso e a memoria. O seu protagonista é un xubilado que rememora como coñeceu a un dos seus mellores amigos e como a súa moza o deixa por el.

Castelao: Os vellos non deben de namorarse(1941). Obra de teatro que combina farsa e humor para tratar un tema universal: o amor entre persoas maiores e mozas.

Marilynne Robinson: Gilead(2005). John Ames, pastor metodista de 70 anos que sente que a súa morte está próxima, escíbelle unha longa carta ao seu fillo para que a lea unha vez que estea morto. Explícalle a súa vida de pastor, a do seu avó e a do seu pai.

Flannie Flagg: Tomates verdes fritos. En el café de Whistle Stop(1987). Conta a historia de Evelyn, quen coñece nunha residencia de maiores a Ninny, quen lle relata os sucesos que acaeceron no café Whistle Stop no profundo sur estadounidense na década dos anos vinte.

Películas:

Tomates verdes fritos, Amour, En el estanque dorado, Engurras, La balada de Narayama, Sang Woo y su abuela, El hijo de la novia, El crepúsculo de los dioses, Esencia de mujer, Cuando menos te lo esperas, Gran Torino, La juventud, Up, El exótico hotel Marigold, Regreso a Bountiful, El diario de Noa, Bicicleta cuchara manzana.